

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

2312 *Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny).*

A couza guatemalteca da pataca, *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora* (Povolny), é unha das pragas de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central e nos países de América do Sur, nos cales se introduciu posteriormente polo comercio de patacas contaminadas.

Produce danos debidos á alimentación das larvas, que consisten na formación de galerías no tubérculo que imposibilitan a súa comercialización. A importancia da praga radica tanto nos danos que produce aos tubérculos no campo, como os que posteriormente se producen no almacén, onde se dan condicións ideais para a súa multiplicación.

É un organismo nocivo que está regulado na Unión Europea como organismo de coretena no anexo II, parte A, sección I, do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

O artigo 16 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, dispón no seu número 1 que, ante a presenza no territorio do dito organismo nocivo, as comunidades autónomas comunicarán tal circunstancia ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA), e que se adoptarán todas as medidas necesarias para a erradicación ou, se esta non for posible, o illamento do organismo nocivo en cuestión.

A *Tecia* encóntrase presente nas Illas Canarias desde 1999. En España peninsular detectouse por primeira vez en 2015 en varios municipios da provincia da Coruña.

A loita contra a *Tecia* considérase de utilidade pública xa que é unha praga de coretena e a súa presenza ocasiona importantes perdas no cultivo de pataca e afecta as súas exportacións. Por isto, a loita contra este organismo nocivo exige o emprego de medios conxuntos e coordinados para combatelo e intentar a súa erradicación. Tras a detección no Reino de España da *Tecia*, e en virtude do artigo 15.2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, cómpre establecer un programa nacional de medidas de control e erradicación da *Tecia*, no cal, en virtude do artigo 18 da dita lei, se establecerán as medidas fitosanitarias para erradicar ou, se isto non for posible, evitar a propagación da praga.

O Programa de erradicación da *Tecia* non será de aplicación no territorio das Illas Canarias, debido a que a praga está amplamente distribuída no dito territorio e a súa erradicación non é posible e, ademais, ao ter a consideración de territorio ultraperiférico da Unión Europea, a introdución ao resto do territorio nacional está prohibida por ser material de risco.

Dada a rápida difusión deste organismo nocivo, procede a adopción urxente deste real decreto. Concorren as razóns de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que permiten a adopción das medidas contidas neste real decreto, proporcionado á intensidade da concreta ameaza e ás potenciais consecuencias que puideren derivar dunha extensión da mencionada praga.

No procedemento de elaboración da presente disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados. Así mesmo, solicitouse informe do Comité Fitosanitario Nacional segundo o disposto no artigo 18 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 43/2002, do 20 de novembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto o establecemento e a regulación, con carácter básico, do Programa nacional de control e erradicación da *Tecia*, tras a declaración da existencia de praga pola autoridade competente, segundo o disposto na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e no Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional.

2. O programa que se aproba e as medidas dimanantes del serán de aplicación en todo o territorio nacional, excepto o territorio das Illas Canarias.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas no artigo 2 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, e no artigo 3 do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Instalacións de almacenamento:

1.º Lugares de venda ou distribución de pataca de semente rexistrados no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais e Produtos Vexetais (ROPCIV).

2.º Almacéns colectivos ou centros de expedición de pataca de consumo rexistrados no ROPCIV.

3.º Almacéns pertencentes a agrupacións de produtores, transformadores e envasadores de pataca de consumo.

4.º Almacéns pertencentes a distribuidores ou grosistas de patacas de consumo.

5.º Almacéns particulares non destinados a autoconsumo

b) Material contaminado: tubérculos de *Solanum tuberosum* L. nos cales se confirmou a presenza da *Tecia*, e non só as súas galerías típicas, mediante inspección visual efectuada polo organismo oficial responsable da comunidade autónoma correspondente ou mediante diagnóstico do organismo nun laboratorio oficial.

c) Operadores: produtores ou comercializadores de pataca.

d) Pataca: tubérculos de *Solanum tuberosum* L., con independencia do destino.

e) Pataca de consumo: tubérculos de *Solanum tuberosum* L., distintos dos destinados a semente ou plantación.

f) Pataca de semente: tubérculos de *Solanum tuberosum* L. destinados a semente ou plantación.

g) Praga: *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora* (Povolny).

h) Produtor non profesional: produtor que destina toda a súa produción ao autoconsumo.

i) Zona demarcada: a constituída pola zona infestada e a súa zona tampón correspondente. Establecerase de conformidade co artigo 6.

j) Zona infestada: zona en que se confirmou a presenza da praga. Establecerase de conformidade co disposto no artigo 6.

k) Zona tampón: área delimitada arredor da zona infestada que se somete a vixilancia oficial para detectar unha posible dispersión. Establecerase de conformidade co artigo 6.

CAPÍTULO II

Programa de control e erradicación da *Tecia*

Artigo 3. *Obrigacións dos axentes implicados.*

1. De conformidade co previsto no artigo 5.c) da Lei 43/2002, do 20 de novembro, os operadores de pataca e os produtores non profesionais deberán notificar inmediatamente ao órgano competente da comunidade autónoma ou, no caso de importadores de terceiros países, á Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente as partidas de patacas, parcelas ou instalacións de almacenamento en que exista sospeita de presenza da *Tecia*.

2. Co fin de poder ofrecer información completa aos organismos oficiais responsables, os operadores conservarán rexistros da pataca que adquirisen para plantar ou almacenar, que estean producindo ou que enviasen a terceiros, durante os seguintes tres anos.

3. Co fin de dispor de maior información sobre a superficie cultivada e, en particular, a dedicada á produción de pataca para o autoconsumo, os comerciantes ou puntos de venda de pataca de semente solicitarán dos compradores de pataca de semente a seguinte información: nome e enderezo do comprador, cantidade adquirida e data de adquisición. Esta información estará á disposición dos servizos de sanidade vexetal das comunidades autónomas durante, ao menos, un ano.

Artigo 4. *Prospeccións e controis sistemáticos e Plan nacional de continxencia.*

1. As comunidades autónomas efectuarán, nos seus respectivos ámbitos territoriais, prospeccións e controis sistemáticos encamiñados a descubrir a presenza da *Tecia* na pataca.

2. As prospeccións débense realizar naqueles lugares en que existe un maior risco de introdución da praga, polo que se dará prioridade aos seguintes:

a) Instalacións de almacenamento. Solicitarase información documental da entrada de todos os lotes no almacén e prestarase especial vixilancia ás instalacións de almacenamento que adquirisen pataca procedente de zonas infestadas, con anterioridade á confirmación dun brote e, en consecuencia, con anterioridade á data de entrada en vigor da prohibición da súa circulación.

b) Plantacións de pataca.

c) Lugares de venda de pataca en zonas de risco de presenza da praga.

3. Así mesmo, realizaranse prospeccións dirixidas en función da análise epidemiolóxica que se realice en cada momento, e modificables segundo a información que se vaia obtendo sobre os movementos de pataca con risco de estar contaminada ou das posibilidades de dispersión natural.

4. No Comité Fitosanitario Nacional defíniranse criterios xerais para a delimitación das zonas de risco, os parámetros para a mostraxe e a utilización de trampas nos casos de prospeccións, sospeita, confirmación e seguimento, a través do Plan nacional de continxencia.

Artigo 5. *Actuación en caso de sospeita de presenza da praga.*

1. Tras a comunicación efectuada conforme o artigo 3, ou a comunicación de sospeita da *Tecia* por parte de organismos oficiais como consecuencia de inspeccións ou prospeccións oficiais, o organismo oficial responsable da comunidade autónoma onde se

producise a sospeita confirmará a súa presenza e, se for o caso, a importancia da contaminación, mediante inspección visual e, en caso de dúbida, remitirá ao laboratorio oficial as mostras, debidamente identificadas, para a súa comprobación e diagnóstico.

2. O organismo oficial responsable da comunidade autónoma onde se producise a sospeita adoptará as medidas cautelares previstas no artigo 4, así como aquelas medidas adicionais que considere necesarias para evitar a propagación da praga.

Artigo 6. *Confirmación oficial e accións inmediatas.*

1. En caso de se confirmar a existencia da *Tecia*, xa sexa como consecuencia da comunicación prevista no artigo 3, dunha inspección oficial ou dos resultados das prospeccións, a comunidade autónoma competente establecerá sen demora unha zona demarcada, que comprenderá unha zona infestada e unha zona tampón; adoptará as medidas previstas nos artigos 7 e 8, e notificará inmediatamente a lista de zonas demarcadas, a información relativa á súa delimitación, incluídos mapas que mostren a súa localización, e unha descrición das medidas aplicadas nas zonas demarcadas e os custos previstos á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Para establecer a zona infestada e a zona tampón, as comunidades autónomas terán en conta os seguintes elementos: a bioloxía da *Tecia*, o nivel de infestación, a distribución do cultivo, a distribución actual da praga, a capacidade do dito organismo para se propagar de forma natural, o número de parcelas positivas, os ventos dominantes e outros factores que a autoridade competente considere oportuno ter en consideración.

3. As zonas demarcadas constarán das seguintes partes:

a) Unha zona infestada, composta, ao menos, polas parcelas e instalacións de almacenamento en que se confirmou a presenza da *Tecia* na pataca que se someterán a vixilancia oficial. Toda parcela incluída na dita zona e as patacas se declararán contaminadas, e

b) unha zona tampón cunha largura mínima de 1 quilómetro a partir do límite da zona infestada; cando unha parte da plantación estea comprendida na dita largura, toda a plantación se incluírá na zona tampón que será sometida a vixilancia oficial.

4. En caso de que varias zonas tampón se superpoñan ou estean xeograficamente próximas, establecerase unha zona demarcada que inclúa a zona cuberta polas zonas demarcadas correspondentes e os espazos entre elas. A autoridade competente determinará a distancia mínima para considerar que varias zonas tampón están xeograficamente próximas, en función da valoración do risco.

5. En todo caso, naquelas comunidades autónomas onde o cultivo da pataca se realiza de forma maioritaria en gran número de pequenas parcelas repartidas irregularmente por todo o territorio, por agricultores non profesionais que dedican toda a súa produción ao autoconsumo ou á venda directa en mercados locais, poderanse redefinir as zonas infestadas para adaptalas ao seu territorio, ampliándoas, se for o caso, a todo o territorio municipal.

6. Co fin de delimitar correctamente a zona infestada, adoptaranse as seguintes actuacións:

a) Reunirse información sobre a presenza, na zona afectada e nas zonas de arredor, de campos de cultivo de pataca, instalacións de almacenamento de pataca, produtores de pataca de semente ou viveiros. Ademais, obterase información sobre calquera movemento de pataca relacionado coa zona afectada. Os lugares en que poida haber risco de propagación da praga someteranse ás medidas cautelares recollidas no artigo 7.

b) As instalacións de almacenamento nas cales non se confirme a presenza da praga consideraranse libres e sobre elas aplicaranse as medidas recollidas no artigo 8.5.

c) Inspeccionarase unha zona de 1 quilómetro arredor da zona en que se confirmou a presenza da *Tecia* en busca da presenza da praga mediante unha mostraxe de tubérculos de pataca.

d) Instalaranse trampas na zona infestada con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*.

e) Levarase a cabo unha investigación sobre a orixe da pataca contaminada:

1.º Se a pataca contaminada procede doutra comunidade autónoma, comunicarase o feito á dita comunidade autónoma, para que esta efectúe as oportunas investigacións, o que se porá en coñecemento da Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

2.º Se a pataca procede doutro Estado membro ou dun terceiro país, comunicarase á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria, para que esta o comunique ao correspondente país de orixe.

3.º A comunidade autónoma solicitará dos provedores de pataca dos lotes contaminados a información das saídas de patacas efectuadas nos tres últimos anos e informará inmediatamente as comunidades autónomas de destino e a Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria.

7. Se se confirma a presenza da *Tecia* fóra da zona infestada, revisarase e modificarase, en consecuencia, a delimitación da zona infestada e da zona tampón coa maior brevidade.

8. Inmobilizarase o material contaminado e realizarase un tratamento previo á súa destrución con materias activas rexistradas no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios efectivas contra lepidópteros, para evitar unha posible dispersión da praga.

9. Ordenarase a destrución do material contaminado, con independencia de que o seu destino sexa para semente ou para consumo. O traslado das patacas para a súa destrución levarase a cabo de acordo co establecido na letra a) do número 1 do artigo 9.

Artigo 7. *Medidas cautelares.*

1. Os seguintes lugares someteranse a vixilancia oficial:

a) Aquelas parcelas en que se estean cultivando ou se cultivasen patacas procedentes de parcelas contaminadas; procedentes do mesmo lote que patacas contaminadas ou que estivesen en contacto con patacas contaminadas antes ou despois da colleita.

b) Aquelas parcelas e/ou instalacións de almacenamento que compartisen maquinaria ou vehículos coas parcelas contaminadas.

c) Aquelas instalacións de almacenamento que recibisen patacas procedentes de parcelas ou instalacións de almacenamento contaminadas ou do mesmo lote que as patacas contaminadas.

d) Aquelas instalacións de almacenamento que recibisen patacas que estiveron en contacto coas patacas contaminadas.

e) Aquelas instalacións de almacenamento que reutilizasen os sacos de envasado ou o material de embalaxe que se usou coas patacas contaminadas.

2. Nos lugares definidos no número 1 do presente artigo, immobilizaranse as patacas durante o tempo necesario para investigar a súa condición sanitaria, mediante inspeccións visuais, instalación de trampas con feromona sexual específica e análises de laboratorio, conforme o disposto no presente artigo. Se se descarta a presenza da *Tecia*, levantarase esta medida.

Ademais, aplicaranse as seguintes medidas cautelares:

a) Nas parcelas:

1.º Aplicarase un tratamento fitosanitario durante a fase de tuberización do cultivo e antes da colleita.

2.º Instalaranse trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*, durante un período de, ao menos, tres meses que inclúa o mes posterior á recolección.

A recolección da pataca será obrigatoria e farase baixo control oficial, durante a cal se realizará unha inspección visual. Os tubérculos manteranse inmovilizados baixo condicións que eviten a dispersión da praga, até que se confirme a ausencia da praga e se autorice a súa comercialización, segundo as condicións establecidas no número 3 do presente artigo. No caso de se detectar a praga, aplicaranse as accións previstas no artigo 6.

3.º As trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia* manteranse ao menos durante un ano adicional tras o período de tres meses sen capturas. No caso de se detectar a praga, declararase zona infestada.

b) Nas instalacións de almacenamento:

1.º Colocaranse mallas tupidas con mínimo de 6 x 6 fíos/cm² en ocós e ventás para evitar a dispersión da praga, durante ao menos un ano e medio. Nas portas deberase establecer un sistema para evitar a entrada da *Tecia* (dobres portas ou outro sistema eficaz).

2.º Instalaranse trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*. Se durante os seis meses posteriores á súa instalación non se rexistran capturas, permitirase a comercialización de pataca destinada ao seu uso como pataca de consumo e de semente, segundo as condicións establecidas no número 3 do presente artigo.

3.º As trampas manteranse ao menos durante un ano adicional tras o período de seis meses sen capturas, durante o cal tamén se levarán a cabo inspeccións visuais das patacas. No caso de se detectar a praga, declararase zona infestada.

3. O movemento de patacas procedentes destes lugares someterase ás seguintes condicións:

a) No caso de se tratar de parcelas, as patacas manteranse inmovilizadas até que se confirme a ausencia da praga de acordo coas medidas establecidas no número 2 do presente artigo, tras o cal se poderá autorizar o seu uso como pataca de consumo e de semente. Permitirase a saída das patacas das ditas parcelas, sen cumprir os prazos establecidos, tanto para semente como para consumo, se as patacas se trasladan en vehículos protexidos fisicamente para evitar a contaminación pola praga a unha instalación onde se someten a un tratamento de corentena con atmosfera controlada [tratamento dez días 20º con 30 % CO₂, 20 % O₂ e 50 % N] ou calquera outro tratamento adecuado para a eliminación da praga.

b) No caso de se tratar de instalacións de almacenamento, o traslado de patacas só se poderá autorizar se non se rexistran capturas na trampa con feromona sexual específica durante ao menos seis meses despois do contacto co material contaminado, tras o cal se poderán destinar ao seu uso como pataca de consumo e de semente.

Permitirase a saída das patacas das ditas instalacións de almacenamento sen cumprir os prazos establecidos, tanto para semente como para consumo, se as patacas se trasladan en vehículos protexidos fisicamente para evitar a contaminación pola praga a unha instalación onde se someten a un tratamento de corentena con atmosfera controlada [tratamento dez días 20º con 30 % CO₂, 20 % O₂ e 50 % N], ou calquera outro tratamento adecuado para a eliminación da praga.

Artigo 8. *Medidas de control e erradicación.*

Tras a realización das actuacións inmediatas previstas no artigo 6, adoptaranse as seguintes medidas de control:

1. Nas parcelas en zona infestada.

a) Prohibirase a plantación de cultivos de pataca durante un período mínimo de dous anos. Transcorrido este prazo, a autoridade competente valorará a situación da praga, en

especial se non se conseguiu alcanzar o obxectivo da erradicación, e poderá prorrogar o período de vixencia desta prohibición.

b) Desenterraranse todas as patacas das campañas anteriores, mediante unha aradura, e eliminaranse as patacas ventureiras que aparezan durante o período de prohibición do cultivo de pataca. Ademais, todas aquelas plantacións de pataca existentes no momento de entrada en vigor deste real decreto, e que se declaren dentro dunha zona infestada, serán desenterradas baixo control oficial no período de tempo máis curto posible. As patacas e mais as ventureiras trasladaranse de acordo co establecido na letra a) do número 1 do artigo 9.

c) Colocarase unha rede de trampas de feromona sexual específica que se manterá ao menos durante dous anos.

d) Os movementos restrinxiranse de acordo co disposto no artigo 9, até que a praga se considere erradicada.

e) Realizaranse tratamentos fitosanitarios con materias activas autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios para o cultivo seguinte (distinto de pataca) antes da súa plantación ou calquera outro tratamento que demostre similar eficacia e que sexa autorizado polo Comité Fitosanitario Nacional.

2. Nas instalacións de almacenamento contaminadas.

a) Levaranse a cabo as seguintes medidas hixiénicas:

1.º Colocaranse mallas tupidas con mínimo de 6 x 6 fíos/cm² en ocos e ventás para evitar a entrada da praga. Nas portas deberase establecer un sistema para evitar a entrada da *Tecia* (dobres portas ou outro sistema eficaz).

2.º Desinsectaranse o piso, as paredes e o teito con materias activas autorizadas no Rexistro de Biocidas e ventilarase adecuadamente antes de entrar.

3.º Deberanse evitar regaños onde se poida refuxiar a *Tecia*, para o que se recomenda que a instalación teña as paredes recebadas e o piso liso.

4.º Limparanse as máquinas de manipulación e o almacén onde estean as ditas máquinas. Para isto, someteranse a unha desinsectación con materias activas autorizadas no Rexistro de Biocidas.

5.º Destruíranse os sacos e embalaxes que estivesen en contacto coas patacas contaminadas ou na mesma estancia.

b) Instalaranse trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*. Se durante os tres meses posteriores á súa instalación non se rexistran capturas, permitirase a entrada de pataca na instalación para a súa comercialización como pataca de consumo, segundo as condicións establecidas no artigo 9. Se durante un ano non se rexistran capturas, permitirase a entrada de pataca na instalación para a súa comercialización como pataca de semente, segundo as condicións establecidas no artigo 9.

c) Ademais, nos dous anos seguintes á confirmación da existencia da *Tecia* aplicarase unha serie de medidas contra ela:

1.º Separar en distintas instalacións de almacenamento a pataca de semente e a pataca de consumo, mediante parede de obra e con accesos independentes.

2.º Manter mallas tupidas cun mínimo de 6 x 6 fíos/cm² en ocos e ventás para evitar a entrada da praga. Nas portas deberase establecer un sistema para evitar a entrada da *Tecia* (dobres portas ou outro sistema eficaz).

3.º Colocar trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*, que se manterán operativas ao menos durante os dous anos posteriores á confirmación da existencia de praga, durante os cales tamén se levarán a cabo inspeccións visuais dos tubérculos.

3. En instalacións de almacenamento de pataca en explotacións con destino ao autoconsumo en zona infestada.

- a) Non se permitirá o almacenamento de patacas orixinarias de zonas infestadas.
- b) Desinsectarase o piso, as paredes e o teito con materias activas autorizadas no Rexistro de Biocidas e ventilarase adecuadamente antes de entrar.
- c) Destruiranse os sacos e embalaxes que estivesen en contacto coas patacas contaminadas ou na mesma estancia.
- d) Instalaranse trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*.

4. Nas parcelas situadas na zona tampón:

- a) Aplicaranse as medidas de cultivo que se acorden no seo do Comité Fitosanitario Nacional a través do Plan nacional de continxencia, até a erradicación da praga na zona infestada.
- b) Aplicarase un tratamento fitosanitario durante a fase de tuberización do cultivo e antes da colleita.
- c) A autoridade competente levará a cabo inspeccións visuais en todas parcelas, con periodicidade anual, e instalaranse trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*, unicamente baixo os criterios que establezan as autoridades competentes das comunidades autónomas, e valorando os riscos até a erradicación da praga da zona infestada. Para isto deberánse ter en conta as parcelas infestadas máis próximas, así como os ventos dominantes. No caso de capturas da *Tecia*, serán declaradas como zona infestada.
- d) Os tubérculos recollidos non se poderán destinar á semente mentres a praga non se considere erradicada na zona infestada, e só se poderán destinar ao seu uso como patacas de consumo nas condicións definidas no artigo 9.

5. Nas instalacións de almacenamento situadas na zona tampón e nas instalacións de almacenamento libres definidas no artigo 6.6.b):

- a) Colocaranse mallas tupidas con mínimo de 6 x 6 fíos/cm² en ocós e ventás para evitar a entrada da praga, até que se declare erradicada a praga. Nas portas deberase establecer un sistema para evitar a entrada da *Tecia* (dobres portas ou outro sistema eficaz).
- b) Instalaranse trampas con feromona sexual específica para a captura da *Tecia*. No caso de recibir pataca de zona tampón, se durante os tres meses posteriores á súa instalación non se rexistran capturas, permitirase a comercialización de pataca para o seu uso como pataca de consumo e de semente. Transcorridos os tres meses en ausencia de capturas, se o almacén recibe patacas orixinarias de fóra da zona tampón e non rexistra capturas durante o período de almacenamento desas patacas, poderá comercializalas, segundo as condicións establecidas no artigo 9. No caso de capturas da *Tecia*, será declarado como instalación contaminada.
- c) As trampas manteranse ao menos durante un ano adicional transcorridos os tres meses sen capturas, período durante o cal tamén se levarán a cabo inspeccións visuais das patacas. No caso de se detectar a praga, levaranse a cabo as accións previstas no artigo 6 e as medidas previstas no artigo 8.

6. Almacenamento de pataca en almacéns particulares con destino ao autoconsumo en zona tampón.

Os agricultores que almacenen patacas con destino ao autoconsumo deberán levar a cabo unha vixilancia da pataca almacenada e pór en coñecemento da autoridade competente da comunidade autónoma calquera dano compatible cos causados pola *Tecia*, así como a presenza nas súas instalacións de larvas, crisálides ou exemplares sospeitosos de pertenceren a esta especie.

Colocarase unha trampa con feromona sexual específica para a captura da *Tecia* mentres se manteña a delimitación da zona demarcada. No caso de capturas da *Tecia*, será declarada como zona infestada.

Artigo 9. *Restricións á circulación de vexetais ou tubérculos de Solanum tuberosum L.*

1. Zona infestada:

a) Prohíbese o movemento de patacas procedentes da zona infestada, salvo que se realice baixo control oficial e cara a vertedoiros autorizados ou lugares de queima controlada para a súa destrución ou enterramento profundo, sempre autorizados pola autoridade competente, ou cara a instalacións en que se someterán a un tratamento de corentena con atmosfera controlada [tratamento dez días 20 ° con 30 % CO₂, 20 % O₂ e 50 % N], ou calquera outro tratamento adecuado para a eliminación da praga aprobado polo Comité Fitosanitario Nacional; estas instalacións poden estar fóra da zona demarcada. O traslado das patacas até a instalación farase en vehículos protexidos fisicamente para evitar a contaminación pola praga.

b) A entrada e circulación de pataca de consumo en zonas infestadas realizarase exclusivamente para o consumo directo e irán preparadas e envasadas para o consumidor final.

c) Poderase permitir a comercialización de patacas, sen necesidade de teren sido sometidas ao tratamento de corentena anteriormente citado, ás instalacións de almacenamento que estivesen contaminadas se se cumpriron os requisitos recollidos nos artigos 6 e 8 e, ademais, non se rexistraron capturas na instalación durante ao menos tres meses, a partir dos cales se poderá permitir o almacenamento de pataca para a súa posterior comercialización como pataca de consumo, e tras un ano como pataca de semente.

d) A entrada e saída de pataca a unha instalación de almacenamento libre situada dentro dunha zona infestada realizarase unicamente en vehículos protexidos fisicamente para evitar a contaminación pola praga. A autoridade competente establecerá un sistema de control para a saída dos tubérculos da instalación.

2. Zona tampón: o movemento de pataca desde a zona tampón a zonas non demarcadas someterase ás seguintes condicións até a erradicación da praga:

a) No caso de se tratar de parcelas cuxa produción teña por destino a comercialización, o traslado só se poderá realizar se a autoridade competente fai unha inspección visual no momento da recolección para comprobar a ausencia da praga, tras a cal se poderán destinar ao seu uso para consumo. Non se poderá comercializar pataca de semente procedente de parcelas presentes na zona tampón a non ser que se trasladen baixo control oficial a unha instalación onde se realice un tratamento de corentena con atmosfera controlada [tratamento dez días 20 °C con 30 % CO₂, 20 % O₂ e 50 % N], ou calquera outro tratamento adecuado para a eliminación da praga.

A entrada e saída de pataca nunha zona demarcada realizarase unicamente en contedores cerrados ou cubertos cunha malla.

b) No caso de se tratar de instalacións de almacenamento, o traslado de tubérculos só se poderá autorizar se se cumpre un dos seguintes requisitos:

1.º Non se rexistran capturas na trampa con feromona sexual específica durante un período de ao menos tres meses, tras o cal se poderán destinar ao seu uso como consumo e semente. A pataca de semente someterase a un tratamento fitosanitario autorizado previo á súa comercialización.

2.º Se se someteron a un tratamento de corentena con atmosfera controlada [tratamento dez días 20 °C con 30 % CO₂, 20 % O₂ e 50 % N], ou calquera outro tratamento adecuado para a eliminación da praga, tras o cal se poderán destinar ao seu uso como consumo e semente.

A entrada e saída de pataca a un almacén situado nunha zona demarcada realizarase unicamente en vehículos protexidos fisicamente para evitar a contaminación pola praga.

3. Zona demarcada: o movemento de patacas procedentes dunha zona demarcada da *Tecia*, ou dentro dela, acompañarase sempre dun pasaporte fitosanitario, preparado e

expedido de conformidade co artigo 7.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, e o disposto na Orde do 17 de maio de 1993 pola que se establece a normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade Europea, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución.

4. Os operadores que envíen ou reciban pataca procedente de comunidades autónomas que declarasen a presenza da praga deberán comunicar este feito á autoridade competente.

Artigo 10. *Comunicación e divulgación.*

As comunidades autónomas levarán a cabo actividades de comunicación e divulgación sobre a praga e as medidas de control e erradicación recollidas no presente real decreto, en especial nas zonas demarcadas.

Artigo 11. *Rexistro de explotacións afectadas e declaración de cultivo.*

As comunidades autónomas realizarán un rexistro de zonas infestadas e instalacións de almacenamento afectadas en cumprimento da obrigaón establecida no Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño.

Os produtores de pataca situados nunha zona demarcada terán a obrigaón de realizar unha declaración anual da superficie de cultivo de pataca, de acordo coas disposicións que estableza a comunidade autónoma.

Artigo 12. *Protocolo de hixiene.*

Os vehículos e embalaxes que fosen utilizados para o transporte de tubérculos de pataca orixinarios dunha zona demarcada deben ser descontaminados e limpados de maneira apropiada.

A terra residual e outros materiais de refugallo resultantes da limpeza débense eliminar de tal maneira que se garanta que a *Tecia* non se poida establecer nin propagar fóra dunha zona demarcada.

Artigo 13. *Medidas complementarias.*

Ademais das medidas establecidas neste real decreto, as comunidades autónomas poderán adoptar medidas complementarias que reforcen os efectos que se perseguen.

Artigo 14. *Comunicación ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.*

1. Sen prexuízo das comunicacións e notificacións inmediatas previstas nos artigos 3.1 e 6.1 deste real decreto, as comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 1 de decembro de cada ano:

- a) Os resultados das prospeccións sistemáticas previstas no artigo 4.
- b) As zonas infestadas e as zonas tampón establecidas, con precisión dos límites xeográficos que as definen, parcelas e instalacións de almacenamento contaminadas, así como, entre outras, informacións relacionadas co brote, cos resultados das investigacións realizadas en cada caso para coñecer a orixe da contaminación e coas medidas de erradicación aplicadas.

c) A información relativa aos gastos previstos e realizados como consecuencia das medidas de erradicación aplicadas, de acordo coa regra sexta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria elaborará un informe anual cos datos proporcionados polas comunidades autónomas, que incluírá a relación de zonas previstas no número 1.b).

3. A ausencia de información sobre a situación do organismo nun determinado territorio implicará a súa consideración, logo de informe do Comité Fitosanitario Nacional, como zona demarcada para os efectos deste real decreto.

Artigo 15. *Consideración da erradicación da praga.*

Considerarase que se erradicou a praga nunha zona infestada cando non se detecte a súa presenza nun mínimo de dous anos consecutivos, momento no cal se poderán levantar as restricións ao movemento do artigo 9.

CAPÍTULO III

Indemnizacións, utilidade pública e réxime sancionador

Artigo 16. *Indemnizacións.*

1. Será de aplicación, se for o caso, o sistema de indemnizacións previsto no artigo 18 do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, así como os artigos 21 e 22 da Lei 43/2002, do 20 de novembro.

2. Non son indemnizables os gastos ocasionados nin o material vexetal destruído en aplicación dunha medida oficial, cando o titular dos vexetais ou produtos vexetais incumprise a normativa vixente e, especialmente, o determinado no Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, e no presente real decreto. Así mesmo, tampouco serán indemnizables os danos que resulten amparados por contrato de seguro, os cales se deducirán, se for o caso, da indemnización correspondente.

3. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, dentro dos límites establecidos polos créditos dispoñibles para estes fins, e sobre a base da información proporcionada polas comunidades autónomas de conformidade co artigo 14, colaborará con estas no financiamento de até o 50 por cento dos gastos correspondentes ás medidas obrigatorias de erradicación establecidas en aplicación deste real decreto.

4. Quedan excluídos da parte de financiamento estatal os territorios históricos do País Vasco e Navarra, os cales serán obxecto de financiamento polas respectivas comunidades autónomas, con cargo ao seu orzamento.

Artigo 17. *Utilidade pública.*

En virtude do artigo 15.1.c) da Lei 43/2002, do 20 de novembro, decláranse de utilidade pública as medidas de salvagarda previstas neste real decreto e adoptadas de acordo co artigo 16.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Artigo 18. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 43/2002, do 20 de novembro, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Artigo 19. *Vixencia do programa.*

O presente programa terá unha duración inicial de cinco anos.

Disposición adicional única. *Documentación de produtores, comerciantes e importadores, para os efectos deste real decreto.*

Para os efectos do presente real decreto, para os vexetais ou tubérculos de *Solanum tuberosum* L. destinados a plantación, o prazo de conservación dos documentos a que se refire o artigo 3.c) da Orde do 17 de maio de 1993 pola que se establecen as obrigacións a que están suxeitos os produtores, comerciantes e importadores de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, así como as normas detalladas para a súa inscrición nun rexistro oficial, fíxase en tres anos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Exceptúase do anterior a regulación relativa aos importadores no artigo 3.1, no artigo 6.6.e).2.^o e na disposición adicional única respecto de terceiros países, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.10.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA